

Por Germán López Quiroga

O MUSEO DO FERROCARRIL TAMÉN É RIBEIRA SACRA (Galaico Expreso)

Se ben a sonda do viño da Ribeira Sacra é a locomotora do tren que, dende que levaba os vagóns de madeira ás primeiras adegas tradicionais, foise convertendo no tempo en AVE para espallar o **mencía** con denominación de orixe como un dos caldos con categoría internacional con billete de primeira clase para viaxar aos mellores restaurantes que se prestixian por calidades de comer ben, e bos viños nas súas cartas ; mais, non menos importancia ten esta fama para o desenvolvemento do paquete de atraccións turísticas da bisbarra, xuntamente cos seus museos, mosteiros, monumentos románicos, paisaxe e gastronomía se temos en conta que son as locomotoras: diesel, eléctrica e de vapor, as que levarán con ledicia aos turistas da Ribeira Sacra nos vagóns tradicionais restaurados para o tren “EXPRESO DE GALICIA”

Nin que dicir ten de que a promoción deste expreso, na folla de ruta do seu itinerario, xuntamente coa dos catamaráns así como a ruta do Viño Bus, deben de ser, sen dúbida, coa cooperación do Museo do Ferrocarril de Galicia, ubicado en Monforte, a tracción de máis atracción que mova o interese das axencias e Administración (Xunta Concello e Organizacións) para incorporar nas rutas do viño e visitas á RIBEIRA SACRA un dos atractivos de enganche que logren forma-lo tren e non perder de subirse a el para que esta zona turística se incorpore á Alta Velocidade tirando por ela a nosa Mikado a vapor, para que non soamente se carrexen con ela aos amantes do ferrocarril, senón tamén moreas de xente chegada en autobuses que veñan a visitarnos e que serán as que mellor espallen as singularidades de beleza, gastronomía, paisaxe, monumentos e VIÑOS, que os deixarán enfeitizados, co cal a RIBEIRA SACRA recibirá o empuxe enriquecido de poder ofertar as máis relucantes e enxebres tradicións para os visitantes, xa que, a historia de Monforte, e da súa bisbarra, cruzando coa vía do tren as súas ribeiras fermosas, non se podería entender sen a presenza do carril de ferro, do fume, e do ruxir das locomotoras rexurdindo esta marcha para adiante dos concellos, zonas e subzonas desta denominación que, sen o tren , faltaríalle a dobre tracción.

O Museo Ferroviario de Monforte é unha xoia europea das poucas que se conservan, coa súa Mikado de estrela, diesel e eléctrica, tractores.

O 29 de marzo de 2001 constituíuse a “Fundación dos Ferrocarrís de Galicia” , con base en Monforte de Lemos , sen ánimo de lucro, para mantemento, xestión e dirección, con promoción do Museo Galego do Ferrocarril, e todo elo, co gallo de restaurar material ferroviario, rexuntar e conservar este Patrimonio Histórico do Ferrocarril á vez que estudar a súa divulgación.

Outro dos seus obxectivos é o de converter o tren turístico chamado GALAICO EXPRESO noutro atractivo, con traxectos predeterminados que poderían conxugarse no ámbito da Ribeira Sacra, e en rutas de interese turístico de Galiza. Non hai que esquecer que este tren xa fixo unha viaxe de Monforte a Madrid, no 153 aniversario da liña de Barcelona a Mataró con éxito total e recibimento multitudinario na estación de Delicias. Tamén fixo rutas a Ourense, Tui, Vigo, Santiago e A Coruña coa locomotora de vapor Mikado, coche restaurante, coche vídeo con cámara exteriores que permiten levar a paisaxe aos interiores, sentados nos asentos, por onde circula cun coche cama tamén , e un vagón de mercancías de madeira.

Recentemente foi restaurada a súa rotonda, única en España de forma radial e circular para servir de “hangar” do material rodante con troco das vías por medio dunha placa xiratoria na que se sitúan os vehículos para logo darlle as distintas vías de acollemento.

Xunta de Galiza, Concello e entidades non deberían deixar de apoiar o taller e a tradición do tren como un dos pulos de prestixiar a RIBEIRA SACRA, para que o VIÑO saiba mellor, se viaxa con máquina de vapor, porque o Museo do Ferrocarril, co seu tren , é Ribeira Sacra tamén.

(Publicado no terceiro número da revista de poesía *AMÁRGAMA*)